



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Ref. 18121_mrq

DIPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA	
Registro de Recursos Humanos	
N.º 8327	
ENTRADA	SALIDA
	4 ABR 2018

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DESIGNA FUNCIONARIA PARA PARTICIPAR NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS DO CONCELLO DE AMES

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista unha solicitude do concello de Ames, que se concreta na designación por parte da Deputación dun funcionario para participar na tramitación do expediente de contratación do servizo de asesoramento e mediación de seguros dese concello, e de conformidade coa proposta feita polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación,

RESOLVO:

Designar á funcionaria Eva Morales Rubianes para participar na avaliación da documentación relativa ás referencias técnicas achegadas polos licitadores no expediente de contratación do servizo de asesoramento e mediación de seguros do concello de Ames.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente desta Deputación no prazo dun mes a contar desde a recepción da notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, de acordo coa lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.